

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE AUTORIZA A DEFENSA ANTE O TITOR OU TITORA DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO NO CURSO 2020-2021

O Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 10 de marzo de 2016, establece que a avaliación dos traballos farase a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal. Non obstante, establece tamén (artigo 6.7) que na normativa de TFG dos centros cunha elevada *ratio* de alumnos por profesor poderá recollerse outro tipo de avaliación alternativa ou complementaria á do tribunal, para o que é necesario contar co informe favorable da Vicerreitoría con competencias en titulacións.

O Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regulou o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 estableceu, como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola Covid-19, unha excepción ao previsto no artigo 6.7 do mencionado regulamento, que lle permitiu a todos os centros incorporar a opción de avaliación dos TFG e TFM polo titor ou titora sen necesidade de solicitalo de acordo co recollido no artigo 6.7 do citado Regulamento.

Na actual situación sanitaria, tendo en conta o estado de alarma declarado polo *Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro* e á vista do interese expresado por varios centros en manter para este curso académico as opcións de defensa ante tribunal ou titor/a por razóns organizativas, enténdese procedente arbitrar un mecanismo excepcional de autorización para que todos os centros podan establecer a opción de defensa do TFG ante o titor ou titora.

Por todo o anterior, o reitor resolve:

PRIMEIRO. Autorizar con carácter excepcional para o curso 2020-2021 aos centros que non teñan establecido na súa normativa a opción de defensa do Traballo de Fin de Grao ante o titor ou titora a que habiliten esta opción. Os centros que se acollan a esta posibilidade deberán establecer as características desta defensa e avaliación, debendo fixar unha puntuación máxima para esta modalidade. Os acordos que se adopten neste sentido deberán ser autorizados pola Vicerreitoría de Organización Académica, que os comunicará á Secretaría Xeral. Así mesmo, os Centros comunicaranos ao estudantado afectado para que poida optar por unha das dúas modalidades.

SEGUNDO. A defensa do TFG poderá realizarse de xeito presencial ou telemático. No caso de que teña lugar por medios telemáticos, esta levarase a cabo segundo o establecido no artigo 8 da [Instrución de Secretaría Xeral nº 5/2020](#).

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
19/01/2021 14:57:55.

CSV: A1ED-7F5F-4188-A873